



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de outubro de 2020**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día dezaseis de outubro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(860).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(861).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2020-2021”. EXPTE. 197177/301.

Visto o informe de fiscalización do 16/10/2020, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramitouse polo Servizo de Benestar Social o expediente de bases e convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia (avaliación individualizada), das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (Curso 2020-2021). Foron aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21.05.2020 (BOP nº 102, do 29.05.2020).

I.2. Na parte dispositiva dese acordo recóllese:

A) A aprobación das Bases e a convocatoria desas axudas municipais.

B) O compromiso de gasto por importe de 110.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, que serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

C) O compromiso de gasto de 1.095.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor (Curso 2020-2021). Desta cantidade, 366.131,20€ imputaránse ó exercicio de 2020 e o resto, 728.868,80€, ó de 2021 (supeditada á dispoñibilidade orzamentaria nese exercicio). As dúas cantidades serán pagadas tamén mediante libramento a xustificar que se ingresará naquela conta habilitada.

Eses créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar sería de 120.000€.

I.3. Conforme co disposto nas Bases, realizouse a valoración individualizada de todas as solicitudes presentadas e a “Comisión de Valoración” designada para o efecto (Base 11ª) redactou o correspondente informe no que se concreta o resultado da avaliación (Acta do 29.09.2020). Desá valoración resulta que:

A) 1.181 alumnas/os solicitantes das axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o estable-



Concello de Vigo

cido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG) e cumpren os requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

O custo total da subvención de libros ascende a 100.385,00 € (= 1.181 x 85€). Existe crédito para facer fronte a este gasto con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202000030038 (110.000,00€), aboándose mediante libramento a xustificar, que se ingresará na precitada conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

B) 3.030 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa LSG e a Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

Indicar que o primeiro pagamento (setembro-décembro) das axudas municipais de comedor, ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe, correspondente á resolución de cada centro educativo aprobada pola XGL, pagaríase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre (Vid. Apdo. I.5 deste informe).

O custo do total do comedor para o Curso 2020-2021 das/os 3.030 alumnas/os que cumpren os requisitos ascende a 1.169.580€. Polo tanto, o primeiro pagamento (setembro-décembro 2020) equivalente ó 40% do total a adxudicar ascende a 467.832,00€.

O gasto do exercicio de 2020 (467.832,00€) aboarase con cargo as cantidades pendentes de reintegro do curso 2019-2020 que terán a condición de aboamentos a conta (206.080,02€) e 261.751,98€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202000030039 (366.131,20€).

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 701.748,00€ para axudas de comedor 2021 (xaneiro-xuño) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202000030066 (728.868,80€).

I.4. Da información que obra en poder deste Servizo despréndese que todas/os beneficiarias/os destas axudas cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a Base 6ª da convocatoria.

I.5. Incidencia da pandemia da COVID-19 na xestión deste programa de axudas:

I.5.1. De acordo co disposto na Base Décimo terceira deste programa de axudas: *«as axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Departamento de Benestar Social. O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Departamento de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas».*

Lémbrese que o Concello de Vigo aprobou (XGL do 10.05.2018) e ten subscrito con arredor de 70 centros educativos da cidade (XGL 25.10.2018) convenios de colaboración para a

xestión destas axudas escolares de comedor, asumindo a condición de entidades colaboradoras para os efectos da LXS e LSG.

I.5.2. En execución do acordo da XGL do 15.11.2019, polo que se resolveu a convocatoria de axudas para o curso escolar 2019-2020, aboaronse ós centros educativos en dous pagamentos as cantidades que figuran relacionadas en documento Anexo. O primeiro deles en data 29.11.2019 por importe de 485.912,32€, correspondente ó primeiro 40% do custo do curso escolar. O segundo o 11.02.2020 por importe de 475.476,16€, correspondente a outro 40% dese custo, unha vez realizados os axustes de baixas do primeiro trimestre do curso.

I.5.3. Como é ben sabido, o 11.03.2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV2 como pandemia e o Consello da Xunta de Galicia do 13.03.2020 declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución do COVID-19.

Posteriormente por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárouse o estado de alarma para

a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado sucesivamente ata o 21.06.2020 (RD.476/2020, RD.487/2020, RD.492/2020, RD.514/2020, RD.537/2020 e RD.555/2020).

I.5.4. Así as cousas, desde mediados do mes de marzo de 2020 suspendéronse as actividades docentes e tamén o funcionamento dos comedores escolares, sen que fose materialmente posible executar o gasto do 80% xa aboado naquela altura ós centros educativos de Vigo ó abeiro da convocatoria de bolsas de comedor do curso 2019-2020.

Cómpre suliñar que o importe das axudas de comedor durante ese periodo extraordinario foille aboado directamente polo Concello de Vigo ás familias en situación de vulnerabilidade en concepto de axudas municipais de emerxencia. En concreto, desde o 15.03.2020 foron concedidas un total de 7.830 axudas de 50€ c/u a 1.919 familias beneficiarias por un importe global de 391.500€.

I.5.5. En consecuencia, quedaron sen executar polas entidades colaboradoras as contías que se relacionan en ANEXO e que, en principio, deberían ser obxecto de reintegro por cada unha delas, de acordo co disposto na normativa reguladora das subvencións públicas (Arts. 36 e ss. LXS e 32 e ss. da LSG) e, especificamente, nos convenios de colaboración asinados co Concello de Vigo (Cláusula cuarta: "*Obrigas da entidade colaboradora*").

I.5.6. Con todo, por razóns de operatividade e eficiencia administrativa e tendo en conta que durante este exercicio orzamentario de 2020 debe realizarse o aboamento correspondente ó 40% do importe da resolución da actual convocatoria de «AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2020-2021» (Exp. nº 197177/301; XGL do 21.05.2020; BOP nº 102, do 29.05.2020), enténdese que a solución máis acaída sería considerar aquelas cantidades por reintegrar como aboamentos a conta da resolución de outorgamento de subvencións a comedores escolares para o curso 2020-2021.



Concello de Vigo

Deste xeito, unha vez se produza a precitada resolución pagarase ós centros educativos a diferenza entre o xa aboado (a conta) e a cantidade correspondente ó 40% para cada centro da convocatoria 2020-2021.

A viabilidade desta solución está avalada no informe emitido ó expediente pola Intervención xeral municipal o 18.08.2020 (trámite nº 157), onde se dí que na resolución de reintegro: *“...non se indicarán os prazos de pagamento segundo o Regulamento Xeral de Recadación, senón que se vinculará á concesión das axudas do expediente nº 197177-301, que ten por obxecto o outorgamento das axudas de libros, material escolar e comedor do curso 2020-2021, momento no que por razóns de eficacia administrativa, as cantidades a reintegrar se consideraran como parte dos anticipos previstos na Base décimo segunda reguladora das axudas”*.

I.5.7. De producirse durante o curso escolar 2020-2021 unha situación semellante á padecida no 2019-2020 por causa da COVID-19, procederíase igualmente ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (-“*Becas, libros, comedor*”).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Reintegro de cantidades polas entidades colaboradoras – consideración de aboamentos a conta con cargo á presente resolución:

1.1. De conformidade co disposto na normativa reguladora das subvencións públicas (Arts. 36 e ss. LXS e 32 e ss. da LSG) e, especificamente, nos convenios de colaboración asinados co Concello de Vigo (Cláusula cuarta: *“Obrigas da entidade colaboradora”*), declarar a procedencia do reintegro polas entidades colaboradoras (centros educativos) das cantidades que quedaron sen executar no curso 2019-2020, a partir de mediados do mes de marzo de 2020 e que se relacionan en ANEXO, por causa da suspensión das actividades docentes e dos comedores escolares derivada da situación excepcional de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19.

1.2. Con todo, por razóns de operatividade e eficiencia administrativa e tendo en conta que durante este exercicio orzamentario de 2020 debe realizarse o aboamento correspondente ó 40% do importe da resolución da actual convocatoria de axudas, consideraranse ditas cantidades por reintegrar como aboamentos a conta da resolución de outorgamento de subvencións a comedores escolares para o curso 2020-2021, pagándose ós centros educativos a diferenza entre os importes que terían que reintegrar e a cantidade correspondente ó 40% para cada centro da actual convocatoria 2020-2021.

SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, curso 2020-2021:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.181 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e Base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 100.385,00€ financiaráse con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 - RC 202000030038 (110.000,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605711003670 e remata co núm. 3605716004333.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 535 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605704000421 e remata co núm. 3605704004706, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, curso 2020-2021:

3.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.030 alumnas/os que reúnen os requisitos (LSG e Base 6ª), que se pagarán no 2020 con cargo ás cantidades pendentes de reintegro do curso 2019-2020 que terán a condición de aboamentos a conta (206.080,02€) e 261.751,68€ con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2310.481000, RC 202000030039 (366.131,20€).

O gasto de 701.748,00€ para axudas de comedor en 2021 (xaneiro-xuño) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202000030066 (728.868,80€).

3.2 DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 816 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente núm. 3605706004601 e remata co nº 3605704004706, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

CUARTO: Para o caso de que durante o curso escolar 2020-2021 se producise unha situación semellante á padecida no 2019-2020 por causa da COVID-19 que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (*“Becas, libros, comedor”*).

QUINTO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS).

SEXTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para di-



Concello de Vigo

tar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(862).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12853/446.

Visto o informe de fiscalización do 16/10/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 15/10/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Acordar que procede a tramitación deste expediente ao resultarlle de aplicación a disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, ao tramitarse por medios electrónicos.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da LCSP 2017 do contrato de servizo de CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE

VIGO, que inclúe o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 12 de maio de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11 de maio de 2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 34.237.100,93 €, que inclúe un IVE de 5.941.976,19 € , o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279901 “MANTEMENTO DE XARDÍNS”, que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
2020	3.536.488,12 €
2021	6.731.398,12 €
2022	6.825.009,46 €
2023	6.913.147,66 €
2024	7.002.607,91 €
2025	3.228.449,65 €
TOTAL:	34.237.100,92 €

Si durante a tramitación do presente expediente se aprobara a prórroga extraordinaria do contrato en vigor, que está en fase de tramitación para o período entre o 16 de xuño e o 30 de setembro de 2020, procederíase a liberar o crédito correspondente a ese período neste expediente por resultar o mesmo excesivo para o período 1 de outubro 31 de decembro, que se aplicaríase ao período da prórroga na contía que procedese ao expediente 7614/446.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- Na sesión do 1 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Comité de Empresa de Althenia SL, e Asociacións Asociación de empresas de gestión de infraestrutura verde” (ASEJA) conforme o sinalado no informe xeral do Servizos de Montes, parques e Xardíns.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares coas correccións correspondentes asinado na data 01 de xuño 2020, a memoria xustificativa do contrato asinada en data 01 de xuño de 2020 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 01 de xuño de 2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 34.237.100,92 €, que inclúe un IVE de 5.941.976,20 € , o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279901 “MANTEMENTO DE XARDÍNS”, que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
2020	3.120.742,00 €



Concello de Vigo

2021	6.736.607,78 €
2022	6.879.686,36 €
2023	6.983.482,39 €
2024	6.988.095,89 €
2025	3.528.486,51 €
TOTAL:	34.237.100,92 €

TERCEIRO.- *Iniciar un novo prazo de presentación de ofertas da mesma duración que o inicial, a contar desde o día seguinte á aprobación deste acordo”.*

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de setembro de 2020, da UTE OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. E INGESER ATLÁNTICA, S.L. polo motivo previsto no apartado 7B. “VALORACIÓN PREVIA DO ORZAMENTO DETALLADO”.2.a do Anexo I -FEC- do PCAP (“Cando o orzamento detallado non recolla a totalidade dos postos de traballo que teñen a condición de carga laboral obrigatoria a oferta realizada deberá ser excluída do procedemento de licitación ou cando non indique o prezo para cada anualidade”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L.	87,74
2	GRUPORAGA, S.A.	87,40
3	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	81,00
4	ALFONSO BENÍTEZ, S.A.	66,40

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., o día 28 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida nas datas 7, 8 e 9 de outubro, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de agosto e 18 de setembro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de setembro de 2020, da UTE OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. E INGESER ATLÁNTICA, S.L. polo motivo previsto no apartado 7B. “VALORACIÓN PREVIA DO ORZAMENTO DETALLADO”.2.a do Anexo I -FEC- do PCAP (“Cando o orzamento detallado non recolla a totalidade dos postos de*



Concello de Vigo

traballo que teñen a condición de carga laboral obrigatoria a oferta realizada deberá ser excluída do procedemento de licitación ou cando non indique o prezo para cada anualidade”).

2. *Adxudicar á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L. (A-46.609.541 e B-36.938.827, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 33.699.578,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.848.687,17 euros.*
 - b) *Propón un incremento do número de horas aportadas a maiores das esixidas na bolsa de horas para traballos extraordinarios de 2.000 h.*
 - c) *Propón un incremento do importe económico destinado a maquinaria para traballos extraordinarios de 4.000 euros.*
 - d) *Propón un incremento da porcentaxe destinada aos programas de comunicación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato do 0,3 % .*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(863).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE NOVE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E SEIS PEÓNS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE TRES MESES PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 36377/220.

Visto o informe de fiscalización do 15/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 15/09/2020, o director técnico do Servizo de Deportes, conformado polo Concelleiro delegado de Deportes, atendendo ao desenvolvemento do proceso de DESESCALADA con motivo do COVID 19, que permite a reapertura das instalacións deportivas, e tendo en conta a situación actual da estrutura de persoal no servizo de deportes, a situación administrativa do contrato de Apertura e peche de instalacións, o cal non estará operativo segundo a previsión de prazos ata o mes de novembro, solicita a contratación con carácter interino, entre outros, de 16 oficiais de instalacións ou operarios peóns (doc 200174612- trámite 382), co fin de garantir a operatividade das instalacións.

II.- En resposta a esta petición, a Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 18/09/2020 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dos oficiais de instalacións municipais solicitados, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de ata o 31/12/2020.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. (trámite 472 do expediente).

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”



Concello de Vigo

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu

nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-oficial de instalacións municipais posto cód. 158 operario-peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno



Concello de Vigo

Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do director técnico do Servizo de Deportes e o concelleiro delegado de Deportes, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de planificación e organización que subscribe, que consta no expediente, os tres nomeamentos interinos propostos por un período dous meses e medio de 9 oficiais de instalacións municipais e 6 peóns para o Servizo de Deportes, e tendo en conta que os nomeamentos teñan lugar con data 16/10/2020, supón un gasto de **102.089,30 €**, dos que **77.107,16 €**, **corresponden a retribucións**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **24.982,14 €** en concepto de **Seguridade Social a cargo da Empresa**.

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do vixente orzamento, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

Nos remitimos neste punto ao informe anexo ao expediente, o cal se da íntegramente por reproducido solicitando expresamente, que os aspectos indicados no mesmo, se contemplen de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente:

“

- *Que verificadas as listas de reserva para a categoría de **Oficial Instalacións Municipais**, que está sendo utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, procede o chamamento, salvo erro ou omisión, segundo os datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, dos seguintes efectivos:*

• APELIDOS E NOME	• DNI
• <i>Pena Besada, José</i>	• *6908**** •
• <i>Molina Jiménez, Rafael</i>	• 3609***** •
• <i>García Recamán, Antonio</i>	• ****7866* •
• <i>Pintos da Cunha, Breixo</i>	• 7692***** •
• <i>Sande Rodríguez, Ricardo</i>	• 3***6794* •
• <i>Filgueira Fernández, Marta</i>	• 3614***** •
• <i>Casalini Gutierrez, César</i>	• ****3086* •
• <i>Iglesias Rodríguez, Javier</i>	• 3608***** •
• <i>García Fernández, César Alejandro</i>	• **8687***

- *Non sendo posible completar a demanda de categoría de oficial de instalacións solicitada, procedeuse a completar o expediente recurrido a lista de operarios/peóns, (doc 200174612 de data 25 de setembro de 2020) no trámite nº 382 do expediente 36377-220.*
- *Que verificada a listaxe vixente desta categoría, vixente na actualidade, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Operarios-Peóns dos seguintes aspirantes:*

• APELIDOS E NOME	• DNI
• <i>Domínguez Collazo, Pablo</i>	• 3617*****
• <i>Carnero Campos, Oscar</i>	• ****7846* •
• <i>González Vázquez, Ana Isabel</i>	• *6086**** •
• <i>Rodríguez García, Yaiza</i>	• 5317***** • •
• <i>García Pereira, Noelia</i>	• ***7673** •
• <i>Capelo Rodiño, José Ramón</i>	• **0827*** •



Concello de Vigo

Todo elo de conformidade cos “Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo” e, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexado ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/201, 26/06/2019 e, 02/09/2019, e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e, 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de quince funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, nove como **Oficiais de instalacións municipais** e seis como **operarios peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de dous meses e medio, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de deportes contidas no escrito de data de sinatura electrónica.

En consecuencia do anterior, autorizar o gasto total por importe de **102.089,30 €**, dos que **77.107,16 €**, **corresponden a retribucións**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **24.982,14 €** en concepto de **Seguridade Social a cargo da Empresa**.

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do vixente orzamento, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de dous meses e medio, como:

Oficiais de instalacións municipais:

• APELIDOS E NOME	• DNI
• <i>Pena Besada, José</i>	*6908****
• <i>Molina Jiménez, Rafael</i>	3609*****
• <i>García Recamán, Antonio</i>	****7866*
• <i>Pintos da Cunha, Breixo</i>	7692*****
• <i>Sande Rodríguez, Ricardo</i>	3***6794*
• <i>Filgueira Fernández, Marta</i>	3614*****
• <i>Casalini Gutierrez, César</i>	****3086*
• <i>Iglesias Rodríguez, Javier</i>	3608*****
• <i>García Fernández, César Alejandro</i>	**8687***

Como operarios peóns:

• APELIDOS E NOME	• DNI
• <i>Domínguez Collazo, Pablo</i>	3617*****
• <i>Carnero Campos, Oscar</i>	****7846*
• <i>González Vázquez, Ana Isabel</i>	*6086*****
• <i>Rodríguez García, Yaiza</i>	5317*****
• <i>García Pereira, Noelia</i>	***7673**
• <i>Capelo Rodiño, José Ramón</i>	**0827***

Na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos



Concello de Vigo

proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o período máximo de dous meses e medio, dende a data do nomeamento e, que non podeá exceder do 31 de decembro de 2020, nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 300-Oficial de instalacións municipais, posto cód. 158,-operario-peón, sendo adscritos/as ao servizo de deportes, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, ao xefe do servizo de deportes, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(864).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO "OUTONO LÍRICO" ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA . EXPTE. 3485/330.

Visto o informe xurídico do 13/10/2020 e o informe de fiscalización do 14/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/10/2020, asinado polo xefe do Servizo de

Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das Deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

A Concellería-Delegada da Área de Cultura ten entre as súas competencias o fomento, promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais, así como o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral, co obxectivo da difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.



Concello de Vigo

A asociación "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Entre as actividades organizadas pola Asociación de Amigos de la Ópera está o desenvolvemento do "Festival Outono Lírico 2020", entre os meses de setembro a novembro, un evento cultural de gran importancia na cidade de Vigo; neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a dita Deputación realiza unha achega de 10.000 € (dez mil euros) para o financiamento da organización do Festival Outono Lírico 2020 que ten lugar entre os meses de setembro e novembro do 2020 na cidade de Vigo.

En consecuencia, o día 28.09.2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Vigo para o financiamento do "Outono Lírico 2020" que ten lugar entre os meses de setembro e decembro do 2020 organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Nos orzamentos municipais 2020 figura unha subvención nominativa a favor da entidade "As. Amigos da Ópera de Vigo.Outono Lírico", aplicación 3340.480.00.05 polo importe de 50.000 euros que se tramitará conxuntamente xunto cos 10.000 euros achegados pola Deputación.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do "Outono Lírico 2020" segundo o orzamento presentado, ascenden a un total de 92.911,68 euros

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas

obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril. Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.-Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, que se achega ao expediente, para o financiamento do "Outono Lírico 2020" que ten lugar entre os meses de setembro e novembro do 2020, organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

Segundo.-Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se incorpora a este expediente e solicitar a súa subscripción.

Terceiro.- Tras a sinatura deste convenio iniciárase a tramitación administrativa conducente ao cumprimento dos termos da adxudicación da subvención.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "OUTONO LÍRICO 2020" ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO .

En Vigo, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN



Concello de Vigo

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo (resolución de delegación do 27.02.2020), e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración e, a estes efectos,

EXPOÑEN

I.- Que a promoción da cultura e equipamentos culturais se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

II.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2020, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

III.- Que a asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO”, organizadora do evento cultural “Outono Lírico 2020” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación

de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Neste sentido, o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.

IV.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento da organización do "Outono Lírico 2020", que ten lugar entre os meses de setembro e novembro de 2020 na cidade de Vigo.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio atende ás necesidades de desenvolvemento do citado evento cultural, que conta cun orzamento total de NOVENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS ONCE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (92.911,68 €).

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de DEZ MIL EUROS (10.000,00 euros) IVE engadido, consonte a seguinte distribución:

	Anualidade	Total
Deputación de Pontevedra	2020	10.000,00 €

O pago da anualidade do 2020 realizarase contra a aplicación 20/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo en Pontevedra).

No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste Convenio de colaboración.



Concello de Vigo

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do festival “Outono Lírico 2020” que se desenvolve entre os meses de setembro e novembro de 2020 na cidade de Vigo.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do dito acordo á Deputación Provincial.

3º.- A Administración municipal remitirá á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera” á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Esta xustificación deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende o fin das actuacións. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G36622116 para a organización outono lírico.
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- Certificación do pagamento a favor de “Asociación de Amigos da Opera” asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade;

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade no disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.
- Redactar unha proposta de subvención do concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do "Festival Outono Lírico" que ten lugar na cidade de Vigo no meses de setembro a novembro do 2020.
- Aprobar o texto da proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refiren as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de DEZ MIL EUROS euros (10.000,00 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.



Concello de Vigo

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2020, estendéndose o seu prazo de xustificación, como máximo, ata o 31/03/2021.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos



Concello de Vigo

da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

6(865).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “OBRAS DE REMODELACIÓN DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN”. EXPTE. 668/441.

Visto o informe xurídico do 15/10/2020 e o informe de fiscalización do 16/10/2020, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4602-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de outubro de 2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

2º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 2 de outubro de 2020 que corresponde co expediente administrativo 4602-443, redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuan e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (1.967.200,02 EUROS) e sinatura dixital de data 23.09.2020,
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en datas 1 e 2 de outubro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 2 de outubro de 2020.
- D) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 2 de outubro de 2020.

- E) Certificados de crédito RC nº 202000058562 e RCFut 2020000058563 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Urbanización e Infraestruturas en data 5 de outubro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 13 e 14 de outubro de 2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 14.10.2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 15.10.2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Consta a elección do procedemento de licitación, aberto e tramitación urxente, así como a súa xustificación na memoria elaborada ao efecto.. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 30.09.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)



Concello de Vigo

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de **“REMODELACIÓN DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN”** redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuan e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“UN MILLÓN NOVECENTOS SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS EUROS con DOUS CÉNTIMOS” (1.967.200,02 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 341.414,88 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.609.00.90 (2ª ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN INTERMODAL), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	674.354,37 €
2021	1.292.845,65 €
TOTAL	1.967.200,02 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 191,72%

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez